



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistemas de bienestar social comparados

Materia	Sistemas de bienestar social comparados			
Código	005G220V01904			
Titulación	Grao en Trabajo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Fernández Álvarez, Antón Lois			
Profesorado	Fernández Álvarez, Antón Lois			
Correo-e	alfa@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A14	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
A20	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
A26	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
A27	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
A29	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
A31	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
B3	Capacidade reflexiva
B4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
B11	Traballo en e con equipos diversos
B12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Habilidades nas relacións interpersoais
B15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
B16	Razoamento crítico
B18	Aprendizaxe autónoma
B19	Adaptación a novas situacións

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Comprensión do contexto político, económico e social das reformas sociais e da política social no ámbito local, autonómico, estatal, europeo e mundial.	A27	
Habilidade para analizar e sistematizar diversas aproximacións ao desenvolvemento dos distintos modelos de benestar.	A27	
Familiarizarse coas análises comparativas sobre as políticas sociais nos estudos sobre os Estados do Benestar.		B13 B15
Valoración do impacto das políticas sociais sobre a desigualdade social	A8	
Habilidade para manexar teorías, métodos e técnicas empregadas no estudo da política social e a cooperación internacional.	A14	B13
Capacidade para analizar e valorar a influencia social e o pensamento social e os seus implicacións no Tráballo Social.	A31	
Ser capaz de reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe.	A2 A29	B3 B16 B18
Ser capaz de comprender e valorar distintos discursos.	A20 A26	B12 B14 B15
Demostrar habilidade na expresión oral de ideas propias e análises reflexivas en público.		B3 B4
Habilidade para dialogar y llegar a acordos en traballos en grupo.		B11 B14 B19

Contidos

Tema	
1. Aspectos metodolóxicos e conceptos da Política Comparada	Os conceptos en Política comparada. Os deseños de investigación comparativos. A comparación e os métodos en ciencia política.
2. Configuración comparada do Estado de Benestar. Diferentes modelos de política social en Europa	Desenvolvemento dos diferentes modelos de Estados do Benestar. As tres formas paradigmáticas: universalistas, corporatistas, residuales. Tipoloxías dos Estados de Benestar en Europa.
3. O modelo de benestar español: implementación estatal, autonómica e local.	Implementación estatal, autonómica e local das políticas sociais do Estado do Benestar en España.
4. Diferentes modelos de política social no mundo	A cuestión social en USA e Canadá; evolución da política social en América Latina; problemas sociais cruciais en África e Asia.
5. Cooperación para o desenvolvemento	Contextualización da cooperación ao desenvolvemento. Análise do impacto dos proxectos de cooperación internacional. Retos de futuro e fórmulas globais e compartidas de solución.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	22	18	40
Seminarios	8	8	16
Titoría en grupo	8	8	16
Presentacións/exposicións	7	13	20
Prácticas autónomas a través de TIC	0	10	10
Traballos e proxectos	1	15	16
Probas de tipo test	1	15	16
Probas de resposta curta	1	15	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, por parte da docente, dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, das bases teóricas e/ou das directrices dun traballo, do exercicio ou do proxecto a desenvolver polo/a estudante.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Titoría en grupo	Entrevistas que o/a alumno/a mantén coa profesora da materia para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Presentacións/exposicións	Exposición, por parte do alumnado, ante a docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Prácticas autónomas a través de TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de maneira autónoma (Programa TEMA http://faitic.uvigo.es).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Tempo reservado para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Manteranse entrevistas para asesoramento e desenvolvemento de actividades da asignatura e o proceso de aprendizaxe. A atención poderá ser individual ou en grupos reducidos, en función do lugar e o carácter da mesma.
Titoría en grupo	Tempo reservado para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Manteranse entrevistas para asesoramento e desenvolvemento de actividades da asignatura e o proceso de aprendizaxe. A atención poderá ser individual ou en grupos reducidos, en función do lugar e o carácter da mesma.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Tempo reservado para atender e resolver as dúbidas do alumnado. Manteranse entrevistas para asesoramento e desenvolvemento de actividades da asignatura e o proceso de aprendizaxe. A atención poderá ser individual ou en grupos reducidos, en función do lugar e o carácter da mesma.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Asistencia e participación na sesión. Valorarase de xeito especial as intervencións do alumno/a en clase, a súa expresión oral, nivel de coñecemento adquirido e asistencia regular a clase.	5
Seminarios	Na sesión maxistral farase unha introdución de cada un dos temas do programa ou desenvolvemento dunha parte do mesmo por parte da profesora. Asistencia, participación e entrega da documentación requirida en cada un dos seminarios programados ao longo do curso (en horario de grupo mediano).	10
Titoría en grupo	Asistencia e participación nas entrevistas que o/a estudante mantén coa profesora da materia para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.	10
Presentacións/exposicións	Expoñer o traballo ao resto de compañeiros/os (con medios audiovisuais). Defender publicamente o eu traballo, é dicir, debe responder as preguntas e as críticas dos seus compañeiros e compañeiras, e da docente. Poderá explicar, a modo de conclusión, os problemas cos que se topou durante a elaboración do traballo.	5
Prácticas autónomas a través de TIC	Conexión o Programa TEMA http://faitic.uvigo.es/ para a realización das actividades propostas (exercicios, foros, entrega e recepción de documentos, etc.) así como seguimento da materia en xeral.	5
Traballos e proxectos	Realización e entrega por escrito do traballo a partir do guión proporcionado pola docente.	5
Probas de tipo test	A estrutura do exame responderá a dous bloques diferenciados. Un primeiro bloque composto por 30 preguntas tipo test. O valor deste bloque ascenderá a 4 puntos. O segundo bloque, véxase probas de resposta curta.	40
Probas de resposta curta	A estrutura do exame responderá a dous bloques diferenciados. Para o primeiro bloque véxase probas de tipo test. O segundo bloque responderá a dous o tres preguntas de desenvolvemento. O valor deste bloque ascenderá a 2 puntos.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da/vos estudantes matriculadas/vos en a materia farase atendendo aos criterios explicitados nesta guía.

a) Avaliación asistentes

Esta modalidade implica:

- Asistencia (mínimo un 80%) e participación activa (sesión maxistral e seminarios) (1,5 puntos).
- Conexión e realización das tarefas requiridas no Programa TEMA. <http://faitic.uvigo.es> (0,5 puntos).

- Exposición dun traballo que deberán entregar por escrito (2 puntos). Entregarase documentación con pautas e prazos para realización do traballo.
- Realización dun exame escrito. Modelo A (6 puntos).

A/vos alumna/vos que entreguen os traballos e tarefas fóra dos prazos acordados non se lles computará esa parte da cualificación en cada caso. O cumprimento e superación desta modalidade exime ao estudante de responder ás preguntas relativas á parte non asistencial no exame final do curso. As cualificación obtida no apartado práctico desta modalidade asistencial será sumada posteriormente á obtida no exame da primeira convocatoria e, no seu caso, a segunda convocatoria (*).

b) Avaliación non asistentes

Esta modalidade implica:

- Conexión e realización das tarefas requiridas no Programa TEMA <http://faitic.uvigo.es> Estableceranse prazos de entrega (1 punto) (*).
- Realización e entrega de dous comentarios críticos sobre unha selección de lecturas (1 punto). *A comezo de curso deixarase na plataforma TEMA a documentación coa relación de lecturas, así como as pautas e os prazos de entrega.*
- Realización dun exame escrito (6 puntos). Responder ás preguntas específicas sobre as lecturas no exame (2 puntos).

As e os estudantes que entreguen os traballos e exercicios fóra dos prazos acordados non se lles computará esa parte da cualificación en cada caso.

As actividades/competencias/probas non superadas durante o cuadrimestre poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª convocatoria, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións
